

Son unha habitante habitual da espera.

Espero na crista das ondas, no arrecife da tristeza, na espuma consagrada da tenrura, na chama da paixón, no anubrado peirao da soidade, no cavorco da noite, no peitoril do día, no fráxil escintileo dun verso fuxidío, na sutil cicatriz da poesía.

Agardo que as mans da providencia poidan conxurar este nó que me afoga, unha alba gloriosa reparta cálidas caricias no corpo entumecido polo frío, e un coro de anxos atempere a aridez deste canto desgarrado.

Desexo que este alento subsidiario da luz desvele a Vía Láctea para que o corazón persevere na galaxia dun soño universal onde sexa abordada unha paz sen fronteiras mercenarias.

Prego ao ser todopoderoso que nos contempla dende o ceo que o seu conmovedor silencio nos salve das voces desatadas da carraxe que andan a inxectar nos corazóns o veneno da cobiza para rebentar a solidariedade.

Non esperar nada é consagrarse á derrota, saciar a sede no púcaro das bágoas, rexeitar a plenitude do amor que corre polas veas, someterse á escuridade: morrer de inanición.

A UNHA GARZA

De súpeto

o vento arrastrou as nubes

o voo do amencer meceun nas ondas

a lírica mirada dunha garza namorada

que se detuvo no imposíbel

mentres as balas asubiaban ó redor

a pouca distancia do final

o inimigo trazou na terra furtada

unha liña bermella

que nin o amor puido transpasar.

.